

2020/21

INGLES-EDUCACION INFANTIL

DEPARTAMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

OSCAR MANUEL MALLÓN SUÁREZ

ÍNDICE

1. Obxectivos de etapa.
2. Obxectivos de área.
3. Criterios de avaliación.
4. Criterios de avaliación por nivel.
5. Organización dos contidos por nivel.
6. Metodoloxía.
7. Recursos materiais.
8. Organización espacial e temporal.
9. Instrumentos e procedimentos de avaliación
10. Actividades tipo para o 2º ciclo de educación infantil.
11. Valoración entre o desenvolvemento e o resultado da programación didáctica.
12. Educación a distancia

1. OBXECTIVOS DE ETAPA.

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos demais, as súas posibilidades de acción e adquirir hábitos de saúde.
- b) Adquirir unha progresiva autonomía nas actividades habituais e desenvolver as súas capacidades afectivas.
- c) Relacionarse cos demais e aprender pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- d) Observar e explorar o seu entorno familiar, social, cultural y natural e iniciarse na identificación dalgunhas características da realidade da Comunidade Galega
- e) Desenvolver habilidades comunicativas orais en diferentes linguas e iniciarse na lecto-escritura.
- f) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas.
- g) Enriquecer as súas posibilidades expresivas a través das distintas linguaxes e iniciarse no movemento, no xesto e o ritmo.

2. OBXECTIVOS DE ÁREA.

A ensinanza da lingua estranxeira contribúe a que o alumnado de Educación Infantil adquiera e desenvolva as seguintes capacidades:

1. Comprender a mensaxe de textos orais en lingua inglesa (rimas, cancións, contos, descripciones, relatos, instruccións, encargos...) accesibles e significativos para o alumnado destas idades, relacionados coas súas experiencias e intereses.
2. Participar de forma oral en situacións de comunicación habituais e sinxelas ou en situacións creadas para tal fin, respetando tanto as normas que rixen a expresión oral (pronunciación, entoación, ritmo...) como as da comunicación interpersonal (quenda de palabra, respecto as opinións alleas, etc.).
3. Utilizar recursos expresivos verbais e non verbais co fin de facerse entender na lingua estranxeira; asemade, saber interpretalos.
4. Recoñecer e apreciar o valor comunicativo das linguas estranxeiras e a propia capacidade para aprender a utilizarlas, mostrando unha actitude de comprensión y respecto cara outras linguas, os seus falantes e culturas.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

1. Relacionar o significado de palabras na lingua estranxeira con imáxenes.
2. Captar o sentido global de sinxelos mensaxes orais emitidos na lingua estranxeira.
3. Mostrar interese por participar en diversas situacións de comunicación oral utilizando sinxelas estruturas lingüísticas na lingua estranxeira.
4. Recitar cancións (nursery rhymes, poesías, chants...) coa axeitada entoación e expresividade, e mostrar interese polos aspectos socioculturais que transmiten.
5. Mostrar tolerancia e respecto cara a diversidade cultural e social manifestando interese por coñecer as tradicións e costumes propias da cultura inglesa, así como as de outros países de fala inglesa.
6. Segmentar a linguaxe oral con conciencia léxica, silábica e fonémica, na lingua materna e lingua estranxeira, así como discriminar auditivamente as diferenzas fonéticas da linguaxe oral.

4. CRITERIOS DE EVALUACIÓN POR NIVEL

3 ANOS

Saudar e despedirse en inglés. Identificar algunhas cores. Recoñecer e nomear algúns obxectos da clase. Recoñecer e nomear algunha dependencia ou obxecto da casa. Identificar e nomear algún membro da familia. Aprender un villancico en inglés. Familiarizarse co vocabulario do Nadal. Recoñecer e nomear partes do corpo. Recoñecer e nomear alimentos. Recoñecer e nomear animais domésticos. Identificar e nomear algún medio de transporte. Identificar e nomear algunhas prendas de roupa. Comprender e seguir instrucións sinxelas en inglés. Respetar as normas de comportamento na clase. Mostrar comprensión mediante resposta física. Comprender globalmente un conto sinxelo. Respetar as regras dos xogos.

4 ANOS

Saber saudar e despedirse en inglés. Recoñecer e nomear obxectos da clase. Recoñecer e nomear algunha dependencia ou obxecto da casa. Identificar e nomear algún membro da familia. Aprender un villancico en inglés. Familiarizarse co vocabulario do Nadal. Recoñecer e nomear partes do corpo. Identificar e recoñecer algúns oficios. Recoñecer e nomear alimentos. Recoñecer e nomear animais domésticos e salvaxes. Identificar e nomear algún medio de transporte. Identificar e nomear algunhas prendas de roupa. Comprender e seguir instrucións sinxelas en inglés. Respetar as normas de comportamento en clase. Mostrar comprensión mediante resposta física. Comprender globalmente un conto sinxelo.

5 ANOS

Saber saudar e despedirse en inglés. Saber responder cando lle preguntan o seu nome. Contar ata 10 en inglés. Recoñecer e nomear os obxectos da clase. Nomear algúns membros da familia. Identificar e nomear algunhas partes do corpo. Identificar e recoñecer algúns oficios. Identificar e recoñecer formas xeométricas. Identificar alimentos e dicir os que lle gustan e os que non. Recoñecer e nomear algúns medios de transporte. Identificar e nomear algúns animais (domésticos e salvaxes) Aprender un villancico en inglés. Familiarizarse co vocabulario do Nadal. Participar en cancións mediante accións. Respetar as normas de comportamento na clase. Mostrar comprensión de instrucións orais mediante unha resposta física. Respetar as regras dos xogos.

5. ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS POR NIVEL

3 ANOS			
UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	LINGUAXE ACTIVO	LINGUAXE RECEPTIVO
1. Introduction: greetings	Setembro- Outubro	Hello. Goodbye. Big/Small	What's your name? Please/Thank you. Let's + verb (make a circle, sleep).
2. My class and school.	Outubro	Yes, no. Red/green. circle Happy / sad. Fine.	What's the weather like today? How are you today? Who's missing today? Stand up / sit down / turn around. Come here, please. Be quite, please. Look / Listen Are you ready for ...? What colour is it? blackboard, table, chair, crayons, books, teacher, students, doll, rug, door, window
3. My body. Halloween.	Outubro- Novembro	Parts of the body Blue / Yellow. Candle/pumpkin.	This is my.... Who's this? I've got... Have you got a...?

		Numbers: one, two, tree.	
4. My family. Christmas.	Novembro-decembro	Daddy, mummy, brother. Father Christmas/Santa.	What's this / it? This is / It's is a/an... This is the... Merry Christmas. We wish you a merry Christmas.
5. JOBS	Xaneiro	Jobs: doctor, fireman, teacher. Clothes: trousers, T-shirt, hat, shoes	Touch your... Move your... Shake your ... Hold hands. Up / down. What is he/she wearing? Who's wearing ...?
6. Animals. Carnival	Febreiro	Animals: Dog, cat, duck, cow, hen. Numbers: 1-5.	What's this? What is it? It's a/an... What colour is it? Is it big or small? It's big/small. I like Carnival. Can you guess? Does (a farmer) drive (an ambulance)? I haven't got.
7. Food. Easter.	Marzo-Abril	Food: banana, apple, pear, sandwich. Orange. Easter egg/rabbit.	I like + noun. I don't like + noun. Do you like...? I prefer...
8. Transport	Abril-Maio	Bus Taxi Car	I go to school by car
9. Summer: travelling and beach.	Xuño	Bus, car, bike. Hot ,sunny. Sandals, Beach.	What are these? These are... Put on your ... Take off your Plane, boat.

4 ANOS

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	LINGUAXE ACTIVO	LINGUAXE RECEPTIVO
1. Introduction	Setembro	Hello. Goodbye. Big/Small	What's your/her/his name? Who's + doing something? Somebody is + doing something. I will throw the balloon to... Who will you throw the balloon to? Come here, please. Stand up. It's your turn now. Guess who. Up, down.
2. My class and school.	Outubro	Yes, no. It's hot/cold/sunny/raining/windy/cloudy. Bag, table, chair, pencil, crayon, book. Happy / sad. Fine. Numbers: 1 -5. Colours: red, yellow, green, blue.	What's the weather like today? How are you today? Who's missing today? Stand up / sit down / turn around. Come here, please. Be quite, please. Look / Listen. Are you ready for ...? What colour is it?
3. My family. Halloween.	Outubro- Novembro	Boy- girl.. Mummy / Daddy. Blue / Yellow. Candle/pumpkin. Numbers: one, two, tree.	This is my.... Who's this? I've got... Have you got a...?
4. At home. Christmas.	Noviembre- diciembre	Bedroom. Bathroom. Kitchen. Living-room. Garden. Present/toy. Father Christmas. Christmas Tree/star. Christmas card.	What's this / it? This is / It's is a/ an... This is the Merry Christmas. We wish you a merry Christmas.
5. My body	Xaneiro	Body. Head/shoulder/knees and toes. Ears/eyes/nose/mouth.	Touch your... Move your... Shake your ... Hold hands.

		Boy/girl.	Up / down. Wash your face / hands. Brush your hair / teeth.
6. Jobs. Carnival	Xaneiro- Febreiro	Jobs: doctor, fireman, farmer, policeman, teacher, gardener. Clothes and accessories: skirt, trousers, T-shirt	What is he/she wearing? Who's wearing ...? I like Carnival. Can you guess? Does (a farmer) drive (an ambulance)? I haven't got. Who does this job? I haven't got.
7. Food. Easter.	Marzo-Abril	Food: apple, orange, sandwich, milk, juice. Chocolate/basket/rabbit/Easter egg.	I like + noun. I don't like + noun. Do you like...? . Which is your favourite food? Can I have a/an/some ...? There is a... There are some...
8. Animals	Abril -Maio	Wild animals: Lion, tiger, elephant, giraffe. Farm animals: dog, cow, duck, horse, hen. Pets: dog, cat, tortoise, fish.	Where does (any animal) live/eat? What does (any animal) do? Which sound does (an elephant) make?
9. Summer: travelling and beach.	Maio-Xuño	Bus, car, bike, plane, boat, Ride, drive. Sandals. Beach. Hot/sunny.	What are these? These are... Put on your ... Take off your ... Swimsuit, sunglasses.

5 ANOS			
UNIDAD DIDÁCTICA	TEMPORA-LIZACIÓN	LINGUAXE ACTIVO	LINGUAXE RECEPTIVO
1.Introduction	Setembro	Hello. Goodbye. My name is... Well done! Fine	What's your/her/his name? Who is + doing something? Somebody is + doing something. Come here, please. Stand up. It's your turn now. Guess who. Up, down. How are you today?

2. My class and school.	Octubre	Yes, no. It's sunny/raining/windy/cloudy. Bag, table, chair, pencil, crayon, book. Happy / sad. Fine. Toilet, classroom, playground, vegetable garden. Numbers 1 – 5.	Stand up / sit down / turn around. Come here, please. Be quite, please. Look / Listen. Are you ready for ...? What's in/out/on/under something? What day is it today? Monday, Tuesday, Wednesday, Thursday, Friday, Saturday and Sunday. Who's the helper today? Let's count the children.
3. My family. Halloween.	Octubre- Noviembre	Mummy / Daddy. Brother / Sister. Baby Grandmother / Grandfather. Tall / Short. Go to the park/go shopping. Candle/pumpkin/witch.	This is my.... Who's this? I've got... Have you got a...?What's this / it? This is / It's is a/ an... This is the...
4. At home. Christmas.	Noviembre- diciembre	Bedroom. Bathroom. Kitchen. Living-room. Garden. Present/toy. Father Christmas. Christmas Tree/star. Christmas card. Present. Father Christmas/The Three Wise Men. Christmas Tree. Christmas card. Christmas ball. Stars	What's this / it? This is / It's is a/ an... This is the Merry Christmas. We wish you a merry Christmas.
5. My body	Xaneiro	Body parts: head, foot, ears, eyes, nose, mouth. Boy/girl.	Touch your... Move your... Shake your ... Hold hands. Up / down. Wash your face / hands. Brush your hair / teeth. Hold hands. Up / down. Clap your hands. Click your fingers. Blow your nose.
6. Jobs. Carnival	Xaneiro- Febreiro	Jobs: doctor, fireman, farmer, policeman, teacher, gardener. Clothes and accessories: skirt,	What is he/she wearing? Who's wearing ...? I like Carnival. Can you guess?

		trousers, T-shirt, hat, glasses, shoes. Fancy dress. Masks.	Does (a farmer) drive (an ambulance)? Who does this job? I haven't got. Who are you? I'm a/am Let's dress up.
7. Food. Easter.	Marzo-Abril	Vocabulary about food: banana, apple, orange, sandwich, meat, fish, milk, juice. Chocolate/basket/Rabbit/Easter egg.	like + noun. I don't like + noun. Do you like...? I prefer...
8. Animals	Abril -Maio	Wild animals: Lion, tiger, elephant, giraffe. Farm animals: dog, cow, duck, horse, hen. Pets: dog, cat, tortoise, fish.	Where does (any animal) live/eat? What does (any animal) do? Which sound does (an elephant) make? Is it wild/domestic animal?
9. Summer: travelling and beach.	Xuño	Transports: Bus, Car, bike, plane, boat. Sun cream. Swimsuit, sunglasses, sandals. Beach. Hot/sunny.	What are these? These are... Put on your ... Take off your ... What can you see? Drive/ride.

6. METODOLOXÍA.

A idades temperás a segunda lingua adquirese de xeito semellante a lingua materna. A metodoloxía basease nas características seguintes:

- a) A adquisición da lingua se desenvolve ao mesmo tempo que o aprendizaxe intelectual, físico, emocional e social.
- b) O uso da lingua ten un propósito, un fin.
- c) Os nenos desenvolven a súa capacidade de escoita noutro idioma e expóñense a él pero non se lles presiona para que falen.
- d) Adquisición de vocabulario mediante a técnica de repetición.

Ao neno/a se lle presenta e escoita o inglés en contextos comunicativos familiares e próximos ao seu mundo, sempre coa finalidade de comprender para facer. En referencia á comprensión oral teremos que destacar o uso de cancións e chants que motivan aos nenos/as, crean un ambiente agradable para a aprendizaxe e teñen moita repetición para axudarlles a comprendelos e memorizalos. Se lles facilita a memorización con apoio visual, efectos sonoros, mímica e accións

ilustrativas por parte do mestre. Os nenos/as participan imitando estas accións e gestos, sinalando debuxos ou facendo representacións. Polo que respecta á produción oral, se lles pon en situacións nas que poidan empezar a dicir palabras en inglés. Trátase de que produzan palabras soltas (red, yes, one, dog...) ou expresións comúns como "Hello, bye bye" ou "Merry Christmas". Tamen é moi importante respetar o "silent period" e darlles a oportunidade de falar en inglés sen que se sintan obrigados a repetir, xa que, a súa tendencia natural cando se lles pregunta é a de contestar na lingua materna; é moi útil reformular a súa resposta en inglés. Outro tipo de actividades que contribúen a desenvolver a comprensión oral son as actividades tipo TPR (Total Physical Response) xa que o mestre da unha instrución e os neno/as responden de forma non verbal facendo os xestos ou accións apropiadas. Dentro das actividades que contribúen a desenvolver a comprensión oral hai unha ampla gama de actividades lúdicas (xogos) que se realizan con movemento (en círculo, con música, camiñando, en fila...) e xogos nos que se utilizan os materiais que se elaboraron previamente. O inglés é o idioma usado na aula e os xogos levaranse a cabo tendo en conta as medidas de protección e hixiene redactadas nas instrucións da Xunta de Galicia co motivo da pandemia global provocada pola COVID 19.

7. RECURSOS MATERIAIS.

As Flashcards ou tarxetas de vocabulario son moi útiles para presentar palabras novas, repasalas ou facer algúns xogos. Os posters axudan a reforzar o vocabulario da unidade que se traballa nese momento. Outros materiais de gran importancia son os contos, ordenador, DVD, TV...etc.

As estruturas das leccións divídense en tres partes: *Circle time*, *Table time* and *Play time*. Esta estrutura serve para establecer unha rutina, algo moi importante para os nenos pequenos, e ao mesmo tempo garante un cambio na dinámica da clase e na forma de traballar. No *Circle time* os nenos/as, en gran grupo, sentanse en corro e aprenden a escoitar e responder de forma non verbal ou verbal. É unha sección que require moita concentración do neno/a pois serve para repasar ou presentar novo vocabulario por medio de chants, cancións, actividades tipo TPR, diálogos, etc.

No *Table time* os neno/as traballan individualmente seguindo as instrucións do mestre en inglés. Aquí repasan o que viron no *circle time* a través de actividades estimulantes e creativas a realizar, moitas veces en fichas fotocopiáveis. Estas actividades reforzan os conceptos e destrezas que xa aprenderon. Ao rematar esta sección, o mestre recolle os traballos para entregalos xuntos ao final do trimestre. Esta parte da lección só se realiza naqueles casos que se cree conveniente, xa sexa ao rematar unha unidade, a modo de avaliación individual, etc.

Durante o *Play time* realízanse actividades máis distendidas ou con máis movemento, tales como xogos musicais, xogos en círculo, xogos de acción tipo TPR...etc., sempre controlados polo mestre e co obxectivo de reforzar a linguaxe máis importante. Fanse en pequeno ou gran grupo.

9. INSTRUMENTOS E PROCEDIMIENTOS DE AVALIACIÓN.

Instrumentos de avaliación:

Observación directa.

Análisis das tarefas e actividades encomendadas.

Participación na clase.

Procedimientos de avaliación:

Inicial, que nos informará do nivel madurativo do neno, o grao de desenvolvemento das súas capacidades e o nivel de coñecementos que traen cuando chegan a escola.

Continua, que se realizará ao longo de todo o proceso de aprendizaxe dos alumnos y nos permitirá orientar, adaptar e correxir de modo sistemático o proceso educativo.

Final, nos da a coñecer e a valorar os acadados polo alumno ao rematar o proceso de aprendizaxe respecto as capacidades indicadas nos obxetivos xerais

10. ACTIVIDADES TIPO PARA O 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Xogos, Actividades de Resposta Física Total, Dramatizacions, Cancions e rimas, Contos ilustrados.

Creación de manualidades para usar na clase de inglés con instrucciones (drills)

ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN.

Para responder as necesidades de cada alumno/a se realizarán actividades de diferentes tipos:

Revisión e fichas dos contidos, talleres, xogos, cancións, que reforzen ou amplíen os contidos traballados en cada unidade didáctica.

11. VALORACIÓN ENTRE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Ao rematar cada unidade didáctica realizarase unha valoración que permita analizar o grao de consecución dos obxectivos programados, as dificultades atopadas no desenvolvemento das distintas actividades, a coherencia entre os distintos elementos do currículo, así como o nivel de complexidade das unidades para as características do grupo-clase. Este análise permitirá introducir as modificacións oportunas.

12. EDUCACION A DISTANCIA

Para o caso de peche, corentena ou semipresencialidade, pero tamén nas clases presenciais para facer tarefas no fogar dun xeito virtual na procura de reducir o traslado do material do centro á casa o sistema de comunicación será o seguinte:

Comunicación coas familias: profesorado-familia/ familia-profesorado		
Avisos e consultas puntuais	Titorías e reunión	Boletíns/Notificacións oficiais
E-mail e a plataforma virtual ClassDojo	Vía telefónica Cisco Webex	Abalar

Comunicación profesorado-alumno/ alumno-profesorado		
	Alumnado conectado	Alumnado sen conexión
Avisos/Consultas	Chat de CLASSDOJO Chat da aula virtual da escola Blog	Vía telefónica (país) ClassDojo (país) Correo, email (país)
Envío de tarefas e indicacións ao alumnado	Aula virtual e CLASSDOJO	Instruccións por escrito a recoller no centro (semanalmente) ou envío por email Instruccións no ClassDojo
Entrega de tarefas ao docente	Aula Virtual CLASS DOJO	Retorno das tarefas a escola no día sinalado
Videoconferencia	Cisco Webex	Webex (aplicación mobiles)

O alumnado con NEAE faráselle un seguimento individualizado en contacto estreito coas familias a través das plataformas establecidas adaptando as tarefas as súas necesidades

individuais e tendo en conta o seu titor/a de aula quen porá en coñecemento (Webex, Abalar, móvil) das familias as distintas propostas que terían que acadar para ser avaliados

As actividades a realizar en caso de confinamento irán encamiñadas a práctica das cancións e rutinas establecidas na aula co único propósito de que o alumnado non perda o contacto coa cadeira de inglés. Serán cancións e propostas que xa se practicaron no seu día dun xeito presencial pero que perseguirán a consolidación do vocabulario practicado a través dos xogos e rutinas establecidas

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA ESTRANXEIRA: CURSOS 2º, 5º e 6º

EDUCACIÓN PRIMARIA.

ÍNDICE

1. Introducción e Contextualización
2. Diseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliabile da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedimientos e instrumentos de avaliación
5. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, contidos, obxectivos e criterios de avaliación
7. Concrecións Metodolóxicas da materia
8. Materiais e recursos didácticos
9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
11. Medidas de Atención á diversidade
12. Concreción dos Elementos transversais
13. Actividades complementarias e extraescolares
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación didáctica foi deseñada para a materia de Lingua Estranxeira nos niveis de 2º,5º e 6º de Ed.Primaria do CEIP PORTOFARO de acordo co currículo de Educación Primaria establecido no decreto vixente: -Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito decreto sinala como finalidade iniciar a preparación de futuros cidadáns e cidadás para participar na sociedade e intervir co entorno comprendendo a realidade na que vive, sendo quen de contribuír a súa mellora e conservación e de exercer a cidadanía democrática. O proceso de progresiva globalización no que, dende a segunda metade do século XX, se atopa inmerso o noso mundo, fai que sexa cada vez máis necesario facer fronte aos novos retos que se derivan da paulatina desaparición das fronteiras que tradicionalmente se establecían entre países no plano económico, político, cultural e social. Neste sentido, resulta evidente que dende as idades máis temperás a educación debe ter entre un dos seus principais obxectivos o de dotar os cidadáns de instrumentos útiles para desenvolver competencias que lles permitan adaptarse axeitadamente a unha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra unha especial relevancia neste plano, xa que a capacidade de comunicación é o primeiro requisito que ha de cumprir o individuo para desenvolverse nun contexto pluricultural e plurilingüe. Así recoñecérono todos os gobernos da Unión Europea, que ao longo dos últimos anos programaron diversas actuacións comunitarias en materia de educación co obxectivo último de facer posíbel que cada cidadán/á posúa un coñecemento práctico de polo menos dous idiomas ademais da súa lingua materna, e así reflectiuno tamén a normativa española, a cal, en consonancia con isto, outorga o noso sistema actual educativo á capacitación para a comunicación nunha ou máis linguas estranxeiras. O currículo básico para a etapa de Educación Primaria estrutúrase en torno a actividades de lingua tal como estas se describen no Marco Común Europeo de referencia (MCER) para as linguas: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Os contidos, criterios e estándares están organizados en cinco bloques que se corresponden coas catro destrezas lingüísticas así como o coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

O CEIP Portofaro é unha escola pública situada na rúa dos Templarios, número 1, da localidade coruñesa de Cambre. A escola está dentro dun núcleo poblacional no que lindan diferentes localidades (O Burgo, Cambre, Culleredo e Oleiros) e contén un nivel sociocultural medio-baixo. O centro é de liña dúas pero este ano polas circunstancias epidemiolóxicas se fixo un desdoble en 6º de Ed. Primaria.

No centro educativo son a mestra especialista en Inglés que imparte docencia en 2º, 5º e 6º de Primaria, aínda que contamos con aula específica de Inglés este ano debido á pandemia que estamos a vivir os especialistas nos trasladamos ás diferentes aulas polo que se respetará a distribución feita polo titor/a, agrupando as mesas cando se traballe en parellas ou grupos.

As sesións se distribúen da seguinte maneira en 2º curso de Educación Primaria haberá dúas sesións semanais de 50 minutos, mentres que nos restantes cursos, haberá tres sesións de 50 minutos, tal e como nos establece a lexislación vixente.

O noso alumnado, na súa maioría, está motivado cara a aprendizaxe da lingua estranxeira. Unha porcentaxe de aproximadamente un 15% realizan actividades extraescolares en inglés e as familias están interesadas pola adquisición da lingua Inglesa.

O alumnado se distribúe da seguinte forma:

2ºA Ed.P.21 alumnos/as

2ºB Ed.P.....22 alumnos/as

5ºA Ed.P.....23 alumnos/as

5ºB Ed.P.....24 alumnos/as

6ºA Ed P.....18 alumnos/as

6ºB Ed P.....17 alumnos/as

6ºC Ed.P.....17 alumnos/as

2. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

A situación especial deste curso pola pandemia do coronavirus fai que haxa que facer adaptación dos aspectos básicos da programación de aula.

Empezamos o curso cunha avaliación inicial para detectar cal é o punto de partida no que se atopan os nosos alumnos/as e así poder adoptar medidas en función dos resultados e dar un reforzo daqueles contidos non acadados no curso 2019-2020. A avaliación do alumnado de 2º, 5º e 6º Primaria na materia de Inglés consistiu nunha revisión pormenorizada dos contidos acadados en cursos anteriores, a través de 9 sesións iniciais, nas que, a través da *Starter Unit* do libro de texto co que se traballa, repasamos aspectos fundamentais estudados no curso anterior. Os resultados obtidos confirmaron que a maioría do alumnado lembraba e tiña coñecemento do revisado/repasado a través de esta **Starter Unit**, *ainda así*, a **medida** que se adoptou foi facer por un lado un repaso dos contidos dados no último trimestre mediante actividades de reforzo e por outro algúns contidos que quedaron sen explicar, traballalos en clase para a partir de ahí poder chegar a adquirir os contidos e as competencias claves correspondentes ó nivel que está cursando.

Ademais nesta área terase en especial consideración os seguintes aspectos:

- Partir dos coñecementos previos
- Partir dos propios intereses do alumnado
- Relacionar os contidos coa vida real e relacionado coa contorna inmediata
- Levar a cabo a aprendizaxe por investigación
- Realizar postas en común e autoavaliación tanto de tarefas individuais como de tarefas en grupo

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CHAVE

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as *competencias clave*. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precisa en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- 1 Competencia en comunicación lingüística.
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3 Competencia dixital.
- 4 Aprender a aprender.
- 5 Competencias sociais e cívicas.
- 6 Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7 Conciencia e expresións culturais.

Dende a área de Inglés contribuímos a consecución das seguintes competencias:

Competencia en Comunicación Lingüística (CLC), que fai referencia ao uso da linguaxe como instrument de comunicación oral e escrita onde os individuos interactúan con outros interlocutores a través de textos a través de diferentes formatos e modalidades e tamén en distintos contextos e situacións. Para poder desenvolver esta competencia, dende a área de **INGLES** terase en conta os seguintes elementos: o aspecto linguístico, o discurso meramente pragmático, sociocultural, o elemento estratéxico e o componente persoal. As actividades feitas nas unidades didácticas teñen a intencionalidade de axudar ao alumnado para utilizar o seu coñecemento lingüístico para transmitir, dun xeito comprensible, as súas ideas, pensamentos e sentimentos, así como, o intercambio comunicativo e o uso da linguaxe dunha forma funcional a través de patrons lingüísticos ben estruturados, claros e concisos.

Competencia Dixital (DC), ser competente nunha segunda lingua facilita o acceso a información que se pode utilizar e aprender para desenvolverse en diferentes aspectos da vida. Dende a área de Inglés, o alumnado adquire esta competencia a través do programa SNAPPET, que contén contidos relacionados co feito na aula e que axuda a consolidar o visto e estudado en cada sesión. Tamén a través da Aula Virtual da escola, onde de xeito periódico o mestre incluíra recursos (cancións, worksheets, videos) que profundizarán e axudarán aos nenos/as a adquirir non soio competencia no idioma, senon tamén competencia dixital.

Aprender a Aprender (LHL), o Inglés contribúe a adquisición desta competencia porque a aprendizaxe dun Segundo idioma facilita oportunidades para desenvolver habilidades que son esenciais na vida para poder aprender: atención, concentración, memoria, comprensión, observación e motivación, perseverancia e esforzó, uso de estratexias comunicativas (deducir, anticipar, parafrasear), así como, estratexias de aprendizaxe e técnicas de estudo. Ademáis, facilita a cooperación e auto-avaliación, aceptando o erro como algo fundamental no proceso de ensinanza e aprendizaxe, aprendendo con e para outros, pero tamén como planificar, tratar e desenvolver unha tarefa específica.

Competencia Social e Cívica (SCC), que implica as habilidades para interpretar diferentes fenómenos sociais e problemas que aparecen en diferentes contextos e sociedades, así como, interactuar con outras persoas ou grupos de persoas seguindo as regras de convivencia, respecto mutuo e conviccións democráticas. As actividades e proxectos incluídos nas unidades didácticas facilitan situacións exemplares para traballar dun xeito individual, por parellas ou en pequeno grupo. Os nenos/as aprenden a participar, expresándose eles/as mesmos e escoitando aos demais mentres intercambian opinións. Desenvolven estratexias comunicativas, aprendene a negociar significados, a tomar decisións, así como a traballar de xeito cooperativos, facéndoos máis tolerantes e respetuosos cos demais.

Conciencia cultural e competencia expresiva (CAEC); aprender unha segunda lingua tamén significa aprender sobre a cultura dos países onde se fala. Isto inclúe un aspecto formal da cultura pero tamén un coñecemento profundo de aspectos esenciais da cultura inglesa. Entre os aspectos culturais formais atopamos todo o que garda relación coa xeografía, historia, literature, comida, arte e aspectos do país e da xente. O coñecemento profundo da cultura inglesa refírese as súas costumes, ideas, tradicións, etc. O alumnado de 3º familiarízase coa cultura inglesa a través de cancións, festividades (ST Patrick Day, Halloween Christmas), role-plays e técnicas de dramatización.

4.CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DA TEMPORALIZACIÓN;GRAO MINIMOS DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA OS NIVEIS DE 2º,5º e 6º

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) 2º NIVEL				
TRIMESTRE	ESTÁNDARES (Os mínimos en negrita)	GRAO MINIMO DE CONSECUCIÓN	C C	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Ponderación trimestral)
1º	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. 	Comprende a información esencial dun conto ou canción breve emitido lentamente con apoio xestual e/ou acompañado de imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. 	Comprende vocabulario básico traballado na clase contando con apoio visual.	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos...) sobre si mesmo/a e dos e das demais. 	Comprende preguntas básicas(nome, idade, capacidade) sobre si mesmo/a e dos e das demais.	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...). 	Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos...). 	Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, habilidades...).	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	5%

1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. 	Amosa unha actitude de escoita atenta.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. 	Reproduce comprensiblemente cancións aprendidas na clase.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. 	Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos traballados previamente de forma oral.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. 	Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	10%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran. 	Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir das imaxes que o ilustran.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. 	Identifica e copia palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	10%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). 	Completa datos básicos nas súas follas de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	5%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. 	Revisa o seu traballo e corrixe as faltas indicadas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%

1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. 	Compara aspectos da vida cotiá de países estranxeiros e amosa actitudes de apertura cara ao diferente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC 	2%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social. 	Saúda e despídese, agradece e pide por favor en situacións reais ou simuladas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	2%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. 	Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre identificación perosal propia e dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC 	3%
			L	
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...). 	Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thankyou)..	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	2%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. 	Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para desenvolverse nas interaccións de aula.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	3%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. 	Participa activamente nas actividades propostas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	2%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.13 Expresa estados de ánimo elementais (happy, sad, bored...) 	Expresa estados elementais (happy, sad, tired, bored).	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	2%
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.14 Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. 	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral (vocabulario básico do nivel anterior, partes da casa: bedroom, bathroom, living room, kitchen) actividades frecuentes (dance, make models, ride a bike, play football, play computer games, play the guitar, do judo)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	2%

1º	<ul style="list-style-type: none">▪ PLEB5.15. Amona interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.	Intenta utilizar a lingua estranxeira nas interaccións de aula.	<ul style="list-style-type: none">▪ CCL▪ CSC	2%
----	--	---	---	----

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) 2º NIVEL

TRIMESTRE	ESTÁNDARES (Os mínimos en negrita)	GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	CC	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Ponderación trimestral)
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. 	Comprende a información esencial dun conto ou canción breve emitido lentamente con apoio xestual e/ou acompañado de imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	10%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. 	Comprende vocabulario básico traballado na clase contando con apoio visual.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. 	Comprende preguntas básicas (nome, idade, capacidade) sobre si mesmo/a e dos e das demais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. 	Amosa unha actitude de escoita atenta.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	10%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. 	Reproduce comprensiblemente cancións aprendidas na clase.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. 	Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos traballados previamente de forma oral.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. 	Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%

2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran. 	Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir das imaxes que o ilustran.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	5%
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4 Le en voz alta textos sinxelos previamente traballados de forma oral con entoación e pronuncia comprensibles. 	Le en voz alta frases sinxelas previamente traballadas na clase de forma oral con pronuncia comprensible	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCI 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. 	Completa palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. 	Escribe pequenos diálogos con frases moi sinxelas e breves seguindo un modelo e respectando a estrutura gramatical.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). 	Completa datos básicos nas súas follas de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. 	Revisa o seu traballo e corrixe as faltas indicadas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social. 	Saúda e despídese, agradece e pide por favor en situacións reais ou simuladas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	5%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. 	Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre identificación perosal propia e dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	2%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.8. Expressa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. 	Expressa o que lle gusta e o que non lle gusta.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	2%

2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. 	Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para desenvolverse nas interaccións de aula.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	2%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. 	Participa activamente nas actividades propostas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	2%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.14 Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. 	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. (Prendas de vestir: jeans, shoes, socks, T- shirt, shorts, coat; tempo atmosférico: cloudy, sunny, rainingg, hot, cold; animals: bird, bat, butterfly, lizard; activities: jump, run, swim)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	2%
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.15. Aмосa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. 	Intenta utilizar a lingua estranxeira nas interaccións de aula .	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	5%

LINGUA ESTRANXEIRA

(INGLÉS) 2º NIVEL

TRIMESTRE	ESTÁNDARES (Os mínimos en negra)	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	C C	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Ponderación trimestral)
3º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. 	Comprende a información esencial dun conto ou canción breve emitido lentamente con apoio xestual e/ou acompañado de imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%

3º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. 	Comprende vocabulario básico traballado na clase contando con apoio visual.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	5%
3º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. 	Comprende preguntas básicas sobre si mesmo/a e dos e das demais referidas a aspecto físico e actividades que se están a facer.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	5%
